

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN RONSEL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE MENTORES PARA EMPRENDEDORES RETORNADOS (PROGRAMA MERLO).

Santiago de Compostela, 25 de abril 2022

REUNIDAS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante o Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra parte, a **Fundación Ronsel**, representada neste acto polo seu vicepresidente, D. Luís García Deber, actuando en virtude das facultades que lle outorga o poder especial conferido por escritura pública do 25 de abril de 2016.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, poden subscribir convenios de colaboración con outras administración ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público en relación co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- De acordo co establecido no artigo 22 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno. Así mesmo, lle corresponden as atribucións de promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos e das galegas residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.

TERCEIRO.- A Estratexia Retorna aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, inclúe medidas para facilitar o dereito a regresar a Galicia das persoas emigrantes galegas e máis da súa descendencia, e recolle como un dos obxectivos promover o autoemprego e a creación de pemes por parte das persoas emigrantes galegas retornadas.

A Secretaría Xeral da Emigración, no marco da Estratexia Retorna, desenvolve subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas emigrantes galegas retornadas, dos seus cónxuxes ou

persoas con unión análoga, así como da súa descendencia, de modo que poidan fixar a súa residencia en Galicia, integrarse e realizar nela as súas actividades profesionais, empresariais ou laborais.

CUARTO.- A Fundación Ronsel é unha fundación de carácter privado sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2000/19. Ten por obxecto nos seus estatutos o desenvolvemento e fomento económico galego, e, moi en particular, a creación de emprego, así como a mellora competitiva do tecido empresarial. Así mesmo, ten acreditada unha ampla experiencia no desenvolvemento de servizos de asesoramento para a orientación laboral e programas específicos dirixidos ás persoas de orixe migrante, entre as que están incluídas as persoas emigrantes retornadas, así como no desenvolvemento de programas dirixidos a prestar asesoramento e orientación aos/as emprendedores/as para o establecemento do seu negocio.

A fundación é un referente en Galicia no uso da ferramenta de mentoría e é membro desde o ano 2015 da rede de *Youth Business Spain*, que pertence á rede *Youth Business International* (presente en 54 países), coa que desenvolve esta metodoloxía de mentoría co obxecto de promover e prestar apoio ao emprendemento, principalmente dirixida ao autoemprego e a creación de emprego. A Fundación Ronsel aplica unha metodoloxía de mentoría na que o mentor ou a mentora traballan mediante a transferencia da súa experiencia e coñecementos á persoa aprendiz, contribuíndo así ao seu crecemento profesional e persoal, sen interferir na súa toma de decisións.

En base ao exposto, esta fundación desenvolve programas de mentores/as dirixidos a emprendedores e emprendedoras galegos retornados, nos que se presta un servizo de acompañamento por medio da figura do/a mentor/a que reforce as súas habilidades e fortalezas para potenciar e consolidar os seus proxectos profesionais cunha maior garantía de éxito e contribuír, deste xeito, a mellorar a competencia e produtividade do seu negocio na Comunidade Autónoma de Galicia. Por este motivo, desde o ano 2021 vense colaborando con esta entidade para desenvolver un programa de mentores/as para emprendedores e emprendedoras retornados.

QUINTO.- Dadas as características das actuacións que se van desenvolver e que o interese público de colaboración da presente actuación radica na pretensión de ofrecer ás persoas emprendedoras galegas retornadas o maior apoio posible para consolidar os seus negocios na Comunidade Autónoma galega, a Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular e excepcional, a cal non se enmarca nunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrencia pública, segundo o disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para desenvolver un programa de mentores para emprendedores retornados (programa Merlo).

SEGUNDA.- *Actuacións que se van realizar*

Este programa de mentores persegue apoiar e acompañar ás persoas galegas retornadas, aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga e á súa descendencia no desenvolvemento e consolidación dos seus negocios ou actividade profesional, cunha maior garantía de éxito que favoreza a súa integración social e empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

A metodoloxía que se vai aplicar no programa será aquela na que un mentor ou mentora traballan mediante a transferencia da súa experiencia e coñecementos á persoa aprendiz, contribuíndo así á consolidación das súas iniciativas empresariais.

A Fundación Ronsel poñerá a disposición do programa un equipo de 15 mentores/as, 5 mentores/as de apoio e 5 suplentes, de tal maneira que o número medio de persoas aprendizas sexa de 4 por mentor/a. O período mínimo do proceso mentor para levar a cabo o seu correcto aproveitamento será de 3 meses (6 entrevistas) e un máximo de 8 meses (12 entrevistas). A duración mínima-máxima establecida para as entrevistas será de 60 a 120 minutos.

Os mentores ou mentoras transferirán as persoas emprendedoras os seus coñecementos e toda a aprendizaxe adquirida a través da experiencia e os/as acompañarán coa finalidade de desenvolver o seu potencial e habilidades. A creación deste ambiente de confianza e conexión entre mentores/as e emprendedores/as propiciará o crecemento e consolidación profesionais.

Recóllese como anexo I deste convenio a metodoloxía de mentoría que se vai realizar e a previsión do orzamento que se vai executar con cargo a este convenio, dirixido a un mínimo de 90 persoas emprendedoras.

TERCEIRA.- *Compromisos das partes*

1. A Fundación Ronsel obrígase a:

- Levar a cabo as actuacións do convenio.
- Xustificar ante a Secretaría Xeral da Emigración o cumprimento dos requisitos e condicións inherentes ao presente convenio.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os/as beneficiarios/as de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por parte da Secretaría Xeral da Emigración, das obrigas previstas no título I da citada Lei.

2. A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o financiamento previsto na cláusula cuarta, condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

CUARTA.- Orzamento e gastos subvencionables

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía global de **cen mil euros (100.000,00 €)**. Esta achega farase con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Ao abeiro deste convenio serán subvencionables o 100% dos gastos contemplados no orzamento do anexo I, realizados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 15 de novembro de 2022 que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas e coa seguinte análise:

- Custos de persoal, ata un máximo do 30 % do custo subvencionable total, incluíndo os gastos de coordinación, xestión e estrutura necesarios.

- Actos institucionais, de representación e de comunicación, ata un máximo do 5% do custo subvencionable total.

- Aqueles outros gastos correntes que orixine a realización das actividades previstas no convenio (formación, desprazamentos, mentorías, servizos profesionais, manutención, aloxamento, etc.) ata un máximo do 60% do custo subvencionable total.

- Os custos indirectos ou de funcionamento da propia fundación (enerxía eléctrica, teléfono, gas, auga, alugamento, limpeza e asesoría), formarán parte da xustificación, sempre que o custo que se impute á actividade subvencionada non supere o 5% do gasto efectivamente executado.

Tendo en conta a natureza complexa das actividades obxecto do convenio, o órgano de concesión poderá aceptar modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables, de xeito que a minoración dalgún concepto incremente a dotación dos restantes. Esta redistribución ou modificación das porcentaxes de gasto non incrementará o importe total da subvención.

No caso de que non se acade a participación mínima de 90 persoas no programa, a achega da Secretaría Xeral poderá minorarse en proporción ao número efectivo de participantes ou destinar esa achega a melloras nas actuacións programadas para as

persoas participantes inscritas. Así mesmo, no caso de que o número de participantes sexa superior ao mínimo de 90 persoas, non implicará, en ningún caso, o incremento do importe da subvención.

QUINTA.- *Pagamento e xustificación*

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Logo da sinatura deste convenio, en concepto de pagamento anticipado, efectuarase unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas, por un importe do cen por cento (100%) da contía total da subvención, atendendo ao disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O prazo de xustificación do presente convenio remata o 9 de decembro de 2022 e a entidade deberá presentar, con anterioridade ao remate do devandito prazo, a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación acreditativa dos gastos realizados expedida pola persoa representante da Fundación Ronsel, na que se indicará de forma expresa que se cumpriu a finalidade obxecto do convenio e que para a súa execución se destinaron os fondos achegados pola Secretaría Xeral da Emigración.

- Relación de facturas e documentos xustificativos dos gastos realizados, na que conste a identificación do acredor/a, a data de emisión, a data de pagamento, concepto e importe.

- Documentos xustificativos dos gastos, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento.

Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Memoria final xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, na que se recollan as accións realizadas, listado das persoas emprendedoras retornadas atendidas, resultados obtidos e a súa valoración cualitativa e demais aspectos que se consideren relevantes.

- Declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

- Declaración do conxunto das axudas concedidas para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera outro organismo, ente ou sociedade, tanto público como privado.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido levará consigo a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Igualmente, en virtude do disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con carácter previo á sinatura do presente convenio, a Fundación Ronsel deberá presentar declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

Segundo o disposto no artigo 29.2 da Lei 29/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, salvo disposición expresa en contrario, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

Entre outros, serán subvencionables os custes salariais soportados pola entidade beneficiaria, incluíndo cotizacións de Seguridade Social e retencións correspondentes ao IRPF. En relación aos gastos relativos a retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2022, a súa acreditación realizarase mediante a presentación da documentación xustificativa da súa realización e que correspondan á natureza da actividade subvencionada. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables, non será preciso acreditar o pagamento previo por parte da entidade beneficiaria. Respecto destes gastos, a entidade beneficiaria está obrigada a acreditar o efectivo pagamento con anterioridade ao 15 de febreiro do 2023. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro parcial da subvención. No caso de que o importe de subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa superior aos pagamentos efectivamente acreditados, procederá igualmente o reintegro parcial. No caso de que o importe da subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa inferior aos pagamentos efectivamente acreditados, a diferenza será a conta da entidade beneficiaria.

En relación coas axudas de custo e gastos de viaxe, o importe máximo será o establecido para o grupo 2 no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai desenvolver.

A Secretaría Xeral da Emigración resérvase o dereito de solicitar toda a información que considere precisa en relación coa xustificación dos gastos.

SEXTA.- Modificación do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SÉTIMA.- Causas de resolución do convenio

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

OITAVA.- Reintegro

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo. 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

NOVENA.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas representantes da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha ostentará a presidencia, e dúas representantes da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.

b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida.

DÉCIMA.- Relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración ou o persoal dela dependente non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar, en todo momento, o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade e colaboración

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina *web*, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

A entidade beneficiaria da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para as obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO SEGUNDA.- Réxime xurídico

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido nel, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación. En relación coa normativa xeral sobre convenios será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou

desistencia pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos, esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas á subvención concedida, que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración), serán integradas, interpretadas e resoltas de xeito motivado pola Administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolucións, polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

DÉCIMO CUARTA.- *Protección de datos*

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares do presente convenio no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración

O vicepresidente da Fundación Ronsel

Antonio Rodríguez Miranda

Luis García Deber

ANEXO I METODOLOXÍA DE MENTORÍA

OBXECTIVO

Apoiar e acompañar ás persoas galegas retornadas, aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga e a súa descendencia no desenvolvemento dos seus negocios ou actividade profesional, co obxecto de favorecer a súa integración social e empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia e impulsar a súa consolidación e crecemento.

PERSOAS BENEFICIARIAS

O programa vai destinado a persoas emprendedoras galegas retornadas, así como aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga e a súa descendencia.

ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

No programa levaranse a cabo as seguintes accións:

- a) Actualización da páxina *web* do programa na que se incluírá, polo menos, a información sintetizada sobre ela e o ficheiro online de inscrición.
- b) Captación dun mínimo de 90 persoas beneficiarias do programa.
- c) Formación das persoas inscritas no programa e do equipo de mentores/as.
- d) Proceso de emparellamento de mentores/as e persoas inscritas (sinatura dun "Acordo de Mentoría").
- e) Relación de mentoría para cada parella asinante do acordado (recomendado: mínimo de 3 meses ou 6 entrevistas, e máximo de 8 meses e 12 entrevistas).
- f) Organización de eventos de *networking* en liña e/ou presenciais nos que favorecer os contactos profesionais.
- g) Creación dunha rede informal de apoio empresarial.
- h) Detección de necesidades formativas transversais entre as persoas participantes no programa, preparación e programación de obradoiros.
- i) Fase final de peche das relacións de mentoría.
- j) Avaliación da evolución do programa.

ORZAMENTO PREVISTO DE GASTOS PARA ATENDER A 90 PERSOAS

CONCEPTO	ORZAMENTO ESTIMADO
Gastos de persoal e coordinación	30.000,00 €
Gastos de representación e comunicación	5.000,00 €
Servizos externos, formación, mentoría e outros necesarios para o desenvolvemento do programa	60.000,00 €
Gastos indirectos	5.000,00 €
Total	100.000,00 €